



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 6 de abril de 2017

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 15.00 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requirimento de limpeza de maleza de leiras no lugar de Ponte Ledesma e no lugar de A Gándara-Sergude**
- 3. Requirimento de corta de arboredo no lugar de Santabaia-Vigo**
- 4. Arquivo de expediente de corta de arboredo no lugar de Rodiño-Sergude**
- 5. Arquivo de expediente de reclamación pago canon Recuperalia SL, ano 2016**
- 6. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental roto na travesía de Vilar-Lestedo**
- 7. Xustificación subvención programa CIM ano 2016 e solicitude pagamento**
- 8. Alta e baixa no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia**
- 9. Reclamación débeda SAF**
- 10. Alta no programa de alimentos derivados do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia**
- 11. Solicitude do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, ano 2017**

12. **Concesión de axuda económica á asociación de festexos de San Bieito de Sergude**
13. **Xustificación da subvención da Deputación Provincial para actividades culturais, ano 2016**
14. **Licenzas urbanísticas de segregación**
15. **Licenzas urbanísticas de obras**
16. **Aprobación de facturas**
17. **Aprobación de certificación de obra**
18. **Contratación da festa dos maiores**
19. **Contratación do operador de telefonía**
20. **Modificacións no padrón do lixo**
21. **Adxudicación do contrato para a realización do curso de monitor de tempo libre**
22. **Convenio de intercambio campamento Boqueixón-Ibiza**
23. **Aprobación do programa de actuacións preventivas de incendios forestais, ano 2017**
24. **Xustificación gastos grupo político e aboamento primeiro trimestre 2017**
25. **Solicitud subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral. Aprobación convenio de colaboración cos concellos de Touro e Vedra**
26. **Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de marzo do 2017

### **2.Requirimento de limpeza de maleza de leiras no lugar de Ponte Ledesma e no lugar de A Gándara-Sergude**

#### a) Requirimento de limpeza de maleza de leiras no lugar de Ponte Ledesma

##### Antecedentes

Con data 23 de marzo do 2017, número de rexistro de entrada 545/2017, dona Olga xxx, con domicilio en Ponte Ledesma xxxxx, Boqueixón, presenta escrito sinalando que preto da súa vivenda existen unhas leiras con abundante maleza e a menos de 50 metros.

Sinala que as leiras son as número 447,448, 449 e 450 e propiedade de don José xxxxx.

Solicita a limpeza das leiras ata que se respeten as distancias establecida na normativa de prevención de riscos forestais.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade das leiras con abundante maleza, figurando como titular das leiras número 447, 448 e 450, polígono 45, don José xxxxx e figurando como titular da leira número 449, polígono 45, María xxxxx

Según informe do técnico municipal de data 27 de marzo do 2017, sinálase que *“feita inspección técnica no lugar de xxxxx – Ponte Ledesma, compróbase que preto da vivenda de dona Olga xxxxx, existen catro leiras con abundante maleza as cales están a menos de 50 metros da citada vivenda.*

*A leira número 447, polígono 45, “Turco-Boqueixón”, está con abundante maleza.*

*A leira número 448, polígono 45, “Turco-Boqueixón”, está con abundante maleza.*

*A leira número 449 polígono 45, do “Turco-Boqueixón”, está con abundante maleza.*

*A leira número 450 polígono 45, do “Turco-Boqueixón”, está con abundante maleza.*

*Existe risco de incendio así como unha situación de insalubridade.*

*Non se respecta polo tanto o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.*

*Axúntase reportaxe fotográfica”.*

### Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte,** de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

**Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...)** As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas,** (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I,** deberán

gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta **distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural )**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir o propietario das leiras número 447, 448 e 450, polígono 45 , don José xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Olga xxxxx.
2. Requirir á propietaria da leira número 449, polígono 45 , dona María xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Olga xxxxx.
3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

#### b) Requirimento de limpeza de maleza de parcela no lugar de A Gándara-Sergude

Con data 3 de abril do 2017 co número de entrada 619/2017, dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza da parcela número 290, polígono 18, que está preto dunha vivenda e propiedade súa no lugar da Gándara-Sergude. Manifesta que a citada parcela está con abundante maleza e residuos o cal supón un risco de incendio e de insalubridade.

Sinala que é propiedade a parcela de herdeiros de dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza, figurando como titular da leira número 290, polígono 18, herdeiros de M<sup>a</sup> Carmen xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 4 de abril do 2017, sinálase que *“feita inspección no lugar de A Gándara - Sergude, compróbase que a parcela número 290, polígono 18, preto dunha vivenda e propiedade de dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx, está en situación de abandono, con importante volume de biomasa vexetal. Existe risco de incendio así como unha situación de insalubridade. Acompáñase de reportaxe fotográfica”*.

### Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios da leira número 290, polígono 18, herdeiros de M<sup>a</sup> Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

### **3.Requirimento de corta de arboredo no lugar de Santabaia-Vigo**

#### Antecedentes

Con data 10 de marzo do 2017, nº de rexistro de entrada 464/2017, don José xxxxx, do lugar de Santabaia xxxxx , Vigo, expón que enriba de edificacións da súa propiedade, existen numerosas polas de piñeiros.

Sinala que a parcela onde están os piñeiros, está igualmente a carón dun camiño público, obstruíndo o paso.

Solicita a corta do arboredo ata que se garden as distancias que sinala a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo indica que a leira é propiedade de dona Mercedes xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira dedicada a monte, figurando como titular da leira número 435, polígono 10, herdeiros de don Avelino xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 27 de marzo do 2017, sinalase que “*feita inspección técnica no lugar de Santabaia - Vigo, compróbase que a parcela número 435, polígono 10, Largo Doliñon, está dedicada a pinar.*”

*Dito pinar está preto das edificacións (estabulamentos gandeiros) de don José xxxxx e a menos de 30 metros das mesmas.*

*Non se respecta polo tanto o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.*

*Existen piñeiros cuxas pólas están enriba dunha edificación.*

*O camiño público número 10165 non se atopa obstruído polas árbores (piñeiros)*

*Axúntase reportaxe fotográfica.”*

#### Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

**Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...)** As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas**, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I**, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta **distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas**

**illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural ).**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios da leira número 435, polígono 10, herdeiros de don Avelino xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiros), ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto das edificacións de don José xxxxx.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

#### **4.Arquivo de expediente de corta de arboredo no lugar de Rodiño-Sergude**

Con data 8 de febreiro do 2017 co número de entrada 201700000000214 dona Celia xxxxx expón a situación de risco na que se atopa un inmovible da súa propiedade no lugar de Rodiño Pequeno, parcela número 72, referencia catastral 15012A015000720001RL, posto que unha serie de árbores frondosas, están a menos de quince metros da citada edificación. Solicita a corta das citadas frondosas, por causar desperfectos recorrentes, ó amparo da lei 3/2007 de prevención de risco de forestais e da lei 7/2012, de montes de Galicia.

Aporta dona Celia xxxxx certificación gráfica e descritiva na cal se sinala que a parcela coas árbores frondosas é a número 73, polígono 15, coa referencia catastral 15012A015000730000ER, e propiedade de don Manuel xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 16 de febreiro do 2017 acordouse requirir ó propietario da parcela número 73, polígono 15, do lugar de Rodiño Pequeno – Sergude, don Manuel xxxxx para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de frondosas, *ata gardar unha distancia de 15 metros perimetrais respecto da edificación de dona Celia xxxxx.*

Déuselle trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal, do 23 de marzo do 2017: *“Feita inspección técnica no lugar de Rodiño Pequeno, compróbase que preto da edificación de dona Celia xxxxx, procedeuse coa corta de frondosas ata gardar as distancias sinaladas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Manuel xxxxx, propietario da leira número 73, polígono 15, do lugar de Rodiño Pequeño - Sergude, por proceder o mesmo cos traballos de corta de frondosas ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Comunicar o acordo os interesados.

### **5.Arquivo de expediente de reclamación pago canon Recuperalia SL, ano 2016**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de decembro 2013 aprobouse un convenio de colaboración entre o concello de Boqueixón e a empresa Servicios Ecológicos Recuperalia SL, para a instalación e explotación de contedores de recollida de roupa e calzado usado.

Servicios Ecológicos Recuperalia SL aportará un canon de 300 € anuais, impostos incluídos, por cada contedor que instale.

No concello existen un total de catro contedores.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 2 de marzo do 2017 acordouse requirir á empresa Servicios Ecológicos Recuperalia SL o aboamento do canon correspondente ó ano 2016, que ascende a un total de 1.200 €.

Indícaselle así mesmo que en caso contrario reclamárase a mesma vía executiva, así como revocación do convenio e retirada dos contedores.

Con data 15 de marzo do 2017 ingrésase na conta bancaria do concello a contía de 1.200 € por Servicios Ecológicos Recuperalia SL en concepto de canon anual.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente iniciado contra Servicios Ecológicos Recuperalia SL, pola reclamación do pago do canon, ano 2016, por proceder a mesma co aboamento da contía reclamada.
2. Dar traslado deste acordo á citada empresa.

### **6.Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental roto na travesía de Vilar-Lestedo**

Con data 11 de marzo do 2017 o vehículo, modelo Citroen Xantia, matrícula xxxxx, impactou contra unha luminaria pública ornamental no lugar de Travesía do Vinteseis, Vilar-Lestedo, a carón da N 525, destrozando a mesma (columna e farol ).

Con rexistro de entrada número 556/2017, do 24 de marzo do 2017, o axente de seguros de Reale Seguros Lestedo, sinala que o vehículo, modelo Citroen Xantia, matrícula xxxxx, póliza 361039600164 está asegurado a nome de don Adolfo xxxxx, na compañía de ASEGRUP seguros.



Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 678, de data 13/03/2017, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición da columna e farol ornamental rotos na Travesía do Vinteseis, en Vilar – Lestedo ó 11/03/2017.

Ascenden os traballos de reposición de columna e farol rotos así como os traballos de retirada da vía pública de cascallos, incluído o transporte ó punto limpo, a un custo total (con IVE engadido) de 1.599,42 €.

### Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

-Téndose acreditado mediante reportaxe fotográfica os danos ocasionados na columna e farol ornamental rotos, situados a carón na estrada N 525, Travesía do Vinteseis de Vilar – Lestedo, polo vehículo propiedade de don Adolfo xxxxx e téndose presuposto de reposición, número 678, de data 13/03/2017, concepto “reposición de columna e farol rotos así como os traballos de retirada da vía pública de cascallos, incluído o transporte ó punto limpo” por importe total de 1.599,42 € (IVE engadido), a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Aprobar a valoración da reposición de columna e farol rotos así como os traballos de retirada da vía pública de cascallos, incluído o transporte ó punto limpo na Travesía do Vinteseis, de Vilar – Lestedo, o 11 de marzo do 2017, por importe total de **1.599,42 €**(IVE engadido).

**2.** Comunicar á compañía ASEGRUP seguros e ó propietario do vehículo, modelo Citroen Xantia, matrícula xxxxx, don Adolfo xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo dos traballos de reposición da luminaria pública, destrozada no lugar de Travesía do Vinteseis, de Vilar - Lestedo, a carón na N 525, por importe total de **1.599,42 €** , IVE engadido.

**3.** Darlle trámite de audiencia á ASEGRUP seguros e o propietario do do vehículo, modelo Citroen Xantia, matrícula xxxxx, don Adolfo xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

## **7.Xustificación subvención programa CIM ano 2016 e solicitude pagamento**

O 5 de setembro do 2016 sae publicado no DOG número 168 a Resolución do 1 de setembro do 2016 , da Secretaría Xeral de Igualdade , pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida , cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar no ano 2016 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica e social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

No artigo 1.1) establécese que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

- a) Programa de conciliación
- b) Programa de prevención da violencia de xénero
- c) Programa de apoio ós CIM**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de setembro do 2016 acordouse solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ao CIM de Boqueixón, para gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, sendo a contía solicitada para o posto de directora /asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 01-04-2016 a 30-11-2016 de 18.666,66 € e para o período 01-12-2016 a 31 -03-2017 de 9.333,34 €.

Por Resolución do 15 de decembro do 2016 da Secretaría Xeral de Igualdade, resólvense as axudas e subvencións previstas na Resolución do 1 de setembro do 2016 , da Secretaría Xeral de Igualdade, que se establece as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Ó Concello de Boqueixón concédeselle para os postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica unha contía de 18.666,66 euros para o período comprendido entre o 1 de abril do 2016 a 30 de novembro do 2016 e para os postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica unha contía de 9.333,34 euros para o período comprendido entre o 1 de decembro do 2016 e o 31 de marzo do 2017.

Ascende o total da subvención a 28.000 €.

Con data 01-02-2017 ordénase transferencia ó concello por parte da Xunta de Galicia en concepto de pagamento anticipado da contía da subvención concedida, por un total de 18.666,66 €.

O prazo para xustificar a subvención remata o 28 de abril do 2017.

Tendo en conta:

A) Que no artigo 8.3 b) da citada resolución do 1 de setembro do 2016, sinala que para o caso de que a poboación do ámbito territorial de actuación do CIM sexa de 5.001 e ata 15.000 habitantes, o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres, das cales cando menos seis deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de tres intervencións.

Que o artigo 8.4, anteriormente citado sinala que serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2016 ata o 31 de marzo do 2017, xustificándose de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán a cada exercicio.

Que o artigo 8.6 sinala que para os postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica, e tendo en conta que no Concello de Boqueixón o persoal que desempeña ditas funcións figura na RPT e no cadro de persoal laboral temporal, aplicarase o custo unitario por hora efectivamente traballada de 19,42 €. A contía máxima da axuda será de 14.000 €.

B) Que en relación coa directora/asesora xurídica, o número total de horas efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade no CIM no período 01/04/2016 a 31/03/2017 é de 801 horas.

Que en relación coa psicóloga o número total de horas efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade no CIM no período 01/04/2016 a 31/03/2017 é de 741 horas.

C) Que a axuda/subvención foi destinada ó fin para o que se concedeu solicitándose o pago da liquidación correspondente á axuda concedida para o programa de CIM, de conformidade co esixido na normativa reguladora:

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar o pagamento da liquidación da subvención concedida para o programa do CIM, que ascende a un total de **9.333,34 €** tendo en conta que:

<b>Importe concesión</b>	
Exercicio 2016	18.666,66 €
Exercicio 2017	9.333,34 €

Os custos do persoal, propio do concello, efectivamente realizados segundo custo unitario de horas efectivamente traballadas no CIM son:

Postos	Tipo de vinculación	Nome e apelidos	NIF	Nº total de horas Traballadas no CIM período 01/04/2016 a 30/11/2016	Custo segundo horas efectivamente traballadas no CIM período	Nº total de horas Traballadas no CIM período 01/12/2016 a 31-03-2017	Custo segundo horas efectivamente traballadas no CIM período 01/12/2016 a 31-03-2017	Total gasto de persoal, segundo custo unitario/horas traballadas 01/04/2016 a
--------	---------------------	-----------------	-----	--	--	--	--	---

					01/04/2016 a 30/11/2016			31/03/2017
Directora/a sesora xurídica	Laboral temporal	Cristina Carbajales Nouriño	xxxxx	526:00:00	10.214,92 €	275:00:00	5.340,50 €	1555,42 €
Psicóloga	Laboral temporal	Yolanda Neira Cristobo	xxxxx	503:00:00	9.768,26 €	238:00:00	4.621,96 €	1490,22 €
<b>TOTAL</b>				<b>1029:00:00</b>	<b>19.983,18 €</b>	<b>513:00:00</b>	<b>9.962,46 €</b>	<b>2.945,64 €</b>

2. Que se procede por parte do CIM de Boqueixón a xustificar documentalmente as follas mensuais das horas efectivamente traballadas dedicadas ó CIM para a realización de tarefas vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, e resumo onde consta o número total de horas efectivamente realizadas no período subvencionable; a memoria xustificativa da actuación subvencionada, xunto cos carteis e folletos nos cales figuran os logos do FSE e a imaxe corporativa da Secretaría Xeral de Igualdade; relación das mulleres mulleres en situación de vulnerabilidade atendidas no CIM no período subvencionable , acreditativa da atención recibida; ficheiro electrónico cos datos do perfil e dos indicadores de execución e de resultado das persoas participantes.

3. Que para a mesma finalidade **non** se solicitaron, concederon ou percibiron outras axudas de distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4. Que o Concello de Boqueixón se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

### **8. Alta e baixa no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia**

Concesión dunha alta e unha baixa no SAF por libre concorrencia

### **9. Reclamación débeda SAF**

Acordo de inicio reclamación débeda SAF

### **10. Alta no programa de alimentos derivados do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia**

Acordo: dúas altas no programa de alimentos derivados do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia

### **11. Solicitude do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, ano 2017**

No BOP núm. 39 do venres 24 de febreiro de 2017 publícanse as bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. O dito programa convócase ao amparo establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento e que, no seu artigo 31, establece que as deputacións proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios, e o Decreto 148/2014 polo que se modifica o

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a cuantificación das achegas a cada concello establécense módulos, os cales van referidos ao cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal adscrito aos servizos sociais con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/a profesional de referencia (traballador/a social) que se regula no artigo 37 do decreto: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica.

As contías máximas e módulos previstos para o concello de Boqueixón segundo este programa de financiamento son:

CONCELLO DE BOQUEIXÓN		
MÓDULO	CONCEPTO SUBVENCIONADO	AGHEGA MÁXIMA
IC	Persoal auxiliar administrativo	12028,57
IA	Persoal auxiliar administrativo	13915,53
IID	Persoal técnico de grao medio	13928,85
IV	Persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar básico	17643,83
TOTAL		57516,78

Con base no establecido nas bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2017 e os compromisos que nela se inclúen.
2. Adherirse ao dito programa, de acordo coas contías xerais previstas na Base 12 e co financiamento que se indica no seguinte cadro de orzamento e financiamento previstos:

Entidad solicitante:	Concello de Boqueixón
----------------------	-----------------------

NIF	P1501200H
-----	-----------

Achega Deputación:	57516,78
--------------------	----------

Módulos solicitados	Personal subvencionado	Naturaleza da súa vinculación laboral	Tipo de xornada	Orzamento	Financiamento previsto 2017				
					Achega Deputación	Achega Xunta	Achega das personas usuarias	Outras achegas	Achega municipal
IC	Auxiliar administrativo 1	Funcionaria	Xornada completa	25624,82	12028,57				13596,25
IA	Auxiliar administrativo 2	Persoal laboral temporal	Xornada completa	14723,62	13915,53				808,09
IID	Técnico de grao medio 1	Persoal laboral temporal	Xornada completa	24208,32	13928,85				10279,47
	Técnico de grao medio 2								0
	Técnico de grao superior 1								0
	Técnico de grao superior 2								0

IV	Personal auxiliar SAF Básico	100% empresa contratada		25107,19	17643,83		4555,74		2907,62
					57516,78	0	4555,74	0	27591,43

TOTAL ORZAMENTO E FINANCIAMENTO: 89.663,95 €

3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e completar coa nosa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

4. Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos nas bases do programa.

## 12. Concesión de axuda económica á asociación de festexos de San Bieito de Sergude

Con rexistro de día 24 de marzo de 2017, J. Angel xxxxx, como presidente da Asociación de Festexos San Bieito de Sergude, solicita unha axuda económica para sufragar parcialmente os gastos do entroido dos xenerais da Ulla, celebrado o pasado día 26 de febreiro na parroquia de Sergude, festa declarada de interese turístico de Galicia e que atrae numerosos visitantes en particular a esta parroquia pero tamén ao resto do concello.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Esta asociación conta cunha ampla traxectoria promovendo actividades de interese público, social e veciñal, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Conceder á Asociación de Festexos San Bieito de Sergude, inscrita co nº 026 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **611,05 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2017.

## 13. Xustificación da subvención da Deputación Provincial para actividades culturais, ano 2016

No BOP nº 221 do 18 de novembro de 2015 saíron publicadas as bases reguladoras e a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de actividades culturais, da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2016.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 17 de decembro de 2015 acordouse solicitar unha subvención para “Actividades culturais 2016” por importe de 10.194,26 euros que corresponde ao orzamento total do proxecto de actividades presentado.

No BOP nº 128 de 7 de xullo de 2016 publícase a resolución definitiva desta solicitude, pola cal se concede unha subvención de 8.047, 47 euros, cun orzamento a xustificar polo mesmo importe. O día 8 de agosto de 2016 recíbese o adianto do 50% desta cantidade (4.023,74 €).

O prazo de xustificación remata o 28 de abril de 2017.

Tralo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada de pagos realizados, con identificación dos acredores (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), dos conceptos de gasto de documentos (concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo							Importe
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data e órgano aprobación factura	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	Imputado
Energía	Gas Natural Servicios SDG, S.A	ESA08431090	Luz 27/04/16-30/06/16	Factura	06/07/16	FE16321207341707	XG 06/10/16	27/10/16	1.108,98 €	150,00 €
			Luz 01/07/16-29/08/16		06/09/16	FE16321212310960	XG 01/12/16	09/12/16	339,85 €	50,00 €
			Luz 30/08/16-25/10/16		01/11/16	FE16321216865918	Decreto 20/12/16	23/12/16	969,83 €	150,00 €
Material oficina non inventariable	Lyreco España S.A	ESA79206223	Material oficina	Factura	31/05/16	7070188417	X.G 16/06/16	06/07/16	424,21 €	300,00 €
Material para actividades non inventariable	Area Informática Benjamín Collantes Vieiro	xxxxx	Material obradoiros	Factura	30/01/16	21	X.G 18/02/16	26/02/16	66,12 €	66,12 €
Material para actividades non inventariable	Fornecementos Galegos S.L	ESB15490667	Fotocopias	Factura	29/04/16	35002159	XG 19/05/16	31/05/16	420,63 €	50,00 €
					31/05/16	35002398	XG 07/07/16	11/07/16	420,63 €	50,00 €
					30/06/16	35003524	XG 18/08/16	01/09/16	420,63 €	50,00 €
					29/07/16	35003753	XG 01/09/16	06/09/16	420,63 €	50,00 €
					28/10/16	35005589	XG 17/11/16	24/11/16	420,63 €	50,00 €

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor			Documento xustificativo						Importe
										Imputado
Servizos externos	Inforbyte-Jorge Iglesias López	xxxxx	Curso novas tecnoloxías	Factura	22/09/16	1612	XG 06/10/16	27/10/16	600,00 €	120,00 €
			Cursos novas tecnoloxías		21/12/16	1630	XG 19/01/17	01/02/17	1.276,50 €	676,50 €
	Vagalume Xestión Integral de Servizos SL	B70320007	Obradoiros creativos Nadal	Factura	30/12/16	16/110	Resolución 30/12/16	30/12/16	508,20 €	508,20 €
					31/08/16	16/084	Resolución 08/11/16	11/11/16	1.804,00 €	1.804,00 €
	Artes Gráficas Alonso	B70411137	Publicación Xanela- revista difusión cultural	Factura	15/09/16	A15/893	XG 22/09/16	06/10/16	411,84 €	411,84 €
					09/06/16	A15/761	XG 16/06/16	06/07/16	588,64 €	588,64 €
Libros relatos premiados			Factura	19/05/16	A15/718	XG 02/06/16	07/06/16	413,92 €	100,00 €	
Outros gastos	Lino librería-Mª Angeles Cutrín Ares	xxxxx	Premio certame	Factura	26/09/16	1208T	XG 06/10/16	27/10/16	749,99 €	749,99 €
<b>Total</b>									<b>5.925,29 €</b>	

2.- Imputar a seguinte porcentaxe das nóminas da bibliotecaria pagadas no 2016

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A:		NIF DO /A TRABALLADOR/A:	
<b>ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ</b>		<b>xxxxx</b>	
IMPORTE MENSUAL	Abril/16	Maio/16	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	2.255,38 €	3.086,00 €	
Seguridade social a cargo da empresa	662,58 €	662,58 €	
<b>TOTAL MES</b>	<b>2.917,96 €</b>	<b>3.730,58 €</b>	<b>6.648,54 €</b>
PORCENTAXE DA XORNADA LABORAL IMPUTADA			13,00%
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada			<b>864,31 €</b>

3.- Imputar a seguinte porcentaxe das nóminas do dinamizador sociocultural pagadas no 2016, non presentada como xustificante en convocatorias anteriores:

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A:		NIF DO /A TRABALLADOR/A:		
<b>PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ</b>		<b>xxxxx</b>		
IMPORTE MENSUAL	Maio/16	Xullo/16	Decembro/16	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	2.313,84 €	1.578,59 €	3.156,00 €	
Seguridade social a cargo da	609,87 €	616,93 €	610,3 €	



empresa				
TOTAL MES	2.923,71 €	2.195,52 €	3.773,43 €	8.892,68€
PORCENTAXE DA XORNADA LABORAL IMPUTADA				15%
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada				<b>1.333,90€</b>

2º.- O importe total que se xustifica é de **8.123,50** euros.

3º.- Que o gasto xustificado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4º.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investmentos para as que foi concedida.

5º.- Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

6º.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas.

7º.- Presentar a xustificación correspondente ante a Excma. Deputación Provincial da Coruña.

#### **14.Licenzas urbanísticas de segregación**

##### A) Concesión licenza municipal de parcelación. Expediente: 17/0079

###### Antecedentes:

Con data do 17/01/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0079, de data do 18/01/2017, por Dª. Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio no lugar do xxxxx – Boqueixón (15881 – Boqueixón - A Coruña), achégase un proxecto técnico de segregación da finca catastral nº: 7918405NH4471N0000JS / 7918405NH4471N0001KD, (estas referencias catastrais correspóndense coa finca nº: 22, do plano xeral da zona de concentración parcelaria San Vicente de Boqueixón). O proxecto achegado esta asinado polos arquitectos técnicos D. Gonzalo Navaza Mosteiro, e D. Pedro Navaza Sa.

A finca obxecto deste expediente, está clasificada urbanísticamente como solo urbano. Zona 3; vivenda unifamiliar illada ou apareada, e solo rústico.

Con data do 09/02/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, en base á documentación técnica achegada, e solicita nova documentación técnica xustificativa da parcelación que se pretende.

Con data do 21/02/2017, con rexistro de saída núm. 2017/0184, pola Alcaldía, comunícaselle á promotora do expediente o contido do informe técnico, para que presente a documentación que no mesmo se solicita.

Con data do 23/02/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0335, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, preséntase a documentación en base ao informe técnico de data do 9 de febreiro de 2017.

Con data do 02/03/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, e para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non constan reflectidos na citada cartografía.

Consta no expediente o pagamento das taxas municipais, por importe de 246,48 €, realizado aos efectos con data do 25/01/2017.

Con data do 31 de marzo de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e a Don Rafael xxxxx, con DNI nº: xxxxx a Licenza Municipal, para a “parcelación da finca catastral nº: 7918405NH4471N0000JS - 7918405NH4471N0001KD”, (que se corresponde coa finca nº: 22, do plano xeral da zona de concentración parcelaria San Vicente de Boqueixón), sita no lugar de Forte, na parroquia de San Vicente de Boqueixón, emprazada urbanisticamente en solo urbano; zona 3 - vivenda unifamiliar illada ou apareada, e solo rústico, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. de expediente: 2017/0079
02. Promotores da licenza: CARMEN xxxxx - RAFAEL xxxxx
03. D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
04. Clasificación urbanística: solo urbano; zona 3 - vivenda unifamiliar illada ou apareada; e solo rústico
05. Tipo de licenza: Parcelación dunha finca en 4 lotes
06. Referencias catastrais da finca: 7918405NH4471N0000JS - 7918405NH4471N0001KD
07. Situación e emprazamento: Forte - Boqueixón
08. Técnicos autores do proxecto: D. Gonzalo Navaza Mosteiro, e D. Pedro Navaza Sa

1. Parcela inicial:

1.1. - Parcela nº 22, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón (Boqueixón – A Coruña): referencia catastral nº.: 7918405NH4471N0000JS - 7918405NH4471N0001KD; RÚSTICA, hoxe URBANA; no Concello de Boqueixón (A Coruña), ao sitio de “COTO”, cunha superficie, segundo título, de nove mil novecentos cuarenta e tres metros cadrados (9943 m<sup>2</sup>); e segundo recente medición, ten unha extensión superficial total de **9612 m<sup>2</sup>**; e que linda: norte, estrada da Susana a Ponte Ledesma; Sur, José xxxxx; leste, José xxxxx; e Oeste, Pablo xxxxx.

2. Parcelas resultantes:

2.1 – Parcela nº 22 A: cunha superficie de 6016,94 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte: Estrada da Susana a Ponte Ledesma, e parcelas 22B; 22C e 22 D, que logo se dirán  
Sur: José xxxxx  
Leste: parcelas 22B; e 22C, que logo se dirán  
Oeste: Pablo xxxxx

2.2 – Parcela nº 22 B: cunha superficie de 1127 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte: Estrada da Susana a Ponte Ledesma  
Sur: Parcela 22A, descrita anteriormente  
Leste: parcelas 22C, que logo se dirá  
Oeste: Parcela 22A, descrita anteriormente

2.3 – Parcela nº 22 C: cunha superficie de 997,45 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte: Estrada da Susana a Ponte Ledesma  
Sur: Parcela 22A, descrita anteriormente  
Leste: parcelas 22D, que logo se dirá  
Oeste: Parcela 22A e 22B, descritas anteriormente

2.4 – Parcela nº 22 D: cunha superficie de 1279,11 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte: Estrada da Susana a Ponte Ledesma  
Sur: Parcela 22A, descrita anteriormente  
Leste: José xxxxx  
Oeste: Parcela 22C, descrita anteriormente

2.5 – Parcela de cesión de viais: cunha superficie de 191,50 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte: Estrada da Susana a Ponte Ledesma  
Sur: Parcelas 22A, 22B, 22C E 22D, descritas anteriormente  
Leste: José xxxxx  
Oeste: Pablo xxxxx

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a cesión municipal de 191,50 m<sup>2</sup>, e destinala, cando proceda, á ampliación da vía pública coa que linda.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública desta cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo aos interesados:

B) Concesión licenza municipal de parcelación. Expediente: 16/2490

Antecedentes:

Con data do 15/11/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/2490, por D. Manuel xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio no lugar de xxxxx – Oural (15882 – Boqueixón - A Coruña), achégase un proxecto técnico de segregación da finca catastral nº: 15012B510006650000LM, que se corresponde coa finca nº: 665, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña (Touro – Boqueixón – A Coruña). O proxecto técnico achegado, esta asinado polo enxeñeiro técnico forestal, D.

Roberto Castro Rocamonde, colexiado nº: 167; e visado polo colexio profesional correspondente, co nº: 160884, e con data do 14/11/2016.

A finca obxecto deste expediente, está clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural; ordenanza de núcleo histórico tradicional.

Con data do 24/11/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, en base á documentación técnica achegada, e solicita nova documentación técnica e administrativa, que xustifique a parcelación que se pretende.

Con data do 01/12/2016, con rexistro de saída núm. 2016/1173, de data do 02/12/2016, pola Alcaldía, comunícaselle ó promotor do expediente o contido do informe técnico, para que presente a documentación técnica e administrativa que no mesmo se solicita.

Con data do 23/12/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/2815, por D. Manuel xxxxx, preséntase un proxecto modificado, visado polo colexio profesional correspondente, con nº: de visado 160950, de data do 12/12/2016, en base ao informe técnico do 24/11/2016.

Con data do 29/12/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

*“ A finca matriz localízase no contorno de protección dos seguintes elementos incluídos no Catálogo do PXOM:*

*AC-09: Casa dos Valderrama, cun grao de protección ambiental (nivel III).*

*AR-14: Capela de San Mauro, cun grao de protección integral (nivel I)*

*H-OU-08 e H-OU-10: hórreos, cun grao de protección integral (nivel I)*

*Polo que, segundo o artigo 9.2.4 da Lei 5/2016, do Patrimonio de Galicia, será precisa a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural. “*

Con data do 04/01/2017, con rexistro de saída nº: 2017/0017, de data do 05/01/2017, pola Alcaldía, solicítase ao Servizo de Patrimonio Cultural, o informe ou autorización previa para levar a cabo as actuacións propostas no expediente de referencia.

Con data do 04/01/2017, con rexistro de saída nº: 2017/0018, de data do 05/01/2017, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o trámite da solicitude de autorización previa a Servizo de Patrimonio Cultural, así como o impreso de liquidación das taxas municipais, para que proceda ao seu pagamento.

Con data do 27/02/2017, o director xeral de Patrimonio Cultural, RESOLVE: autorizar a segregación solicitada, lembrando que calquera obra que se pretenda executar nas parcelas resultantes (incluso os peches), deberá contar coa autorización previa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. A dita autorización ten entrada neste concello con data do 06/03/2017, con número de rexistro 2017/0409.

Consta no expediente o pagamento das taxas municipais, por importe de 123,24 €, realizado aos efectos con data do 13/01/2017.

Con data do 31 de marzo de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Manuel xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e a Don Rafael xxxxx, con DNI nº: xxxxx a Licenza Municipal, para a “parcelación da finca catastral nº: 15012B510006650000LM”, que se corresponde coa finca nº: 665, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña (Touro – Boqueixón – A Coruña), emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural; ordenanza de núcleo histórico tradicional, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

1. Núm. de expediente: 2016/2490
2. Promotor da licenza: Manuel xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: solo de núcleo rural; ordenanza de núcleo histórico tradicional
5. Tipo de licenza: Parcelación dunha finca en 2 lotes
6. Referencia catastral da finca: 15012B510006650000LM
7. Situación e emprazamento: Castro – Oural – Boqueixón
8. Proxecto técnico: de data do 9/12/2016 (visado nº: 160950, con data do 12/12/2016)
9. Técnico autor do proxecto: D. Roberto Castro Rocamonde, colexiado nº: 167

1. Parcela inicial:

1.1. - Parcela nº 665, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña (Touro – Boqueixón – A Coruña): identificada coa referencia catastral nº.: 15012B510006650000LM; rústica, hoxe urbana; no Concello de Boqueixón (A Coruña), ao sitio chamado “O AGÜEIRO”, cunha superficie de vinte catro áreas e corenta e nove centiáreas (2449 m<sup>2</sup>); e que linda: norte, camiño; Sur, Ramón xxxxx (663), e Manuel xxxxx (669); leste, Ramón xxxxx (663); e Oeste, finca do mesmo propietario (666).

2. Parcelas resultantes:

2.1 – Parcela nº 665-A: cunha superficie de **816 m<sup>2</sup>**; en que linda:

Norte:	Camiño
Sur:	Resto da parcela matriz 665, que logo se dirá
Leste:	Ramón xxxxx (663)
Oeste:	Resto da parcela matriz 665, que logo se dirá

2.2 – Parcela nº 665-resto da finca matriz: cunha superficie de **1633 m<sup>2</sup>**; en que linda:

Norte:	Camiño e parcela segregada 665-A, descrita anteriormente
Sur:	Ramón xxxxx (663), e Manuel xxxxx (669)
Leste:	Parcela segregada 665-A, descrita anteriormente, e Ramón xxxxx (663)
Oeste:	Finca do mesmo propietario (666)

2.3 – Parcela de cesión de viais: non procede ao coincidir a aliñación establecida no PXOM, cos límites actuais da parcela obxecto deste expediente de parcelamento, segundo se establece no proxecto técnico presentado.

3. Condicións específicas:

3.1 – En base ao informe do Servizo de Patrimonio Cultural, calquera obra que se pretenda executar nas parcelas resultantes (incluso os peches), deberá contar coa autorización previa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Segundo:

Notificar este acordo ao interesado

## 15.Licenzas urbanísticas de obras

### A) 16/1627 - Licenza municipal de obras, para a posterior legalización dunha vivenda unifamiliar e almacén anexo

Antecedentes:

Con data do 29/07/2016, con rexistro de entrada nº: 16/1627, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e don Rafael xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Boqueixón (15881 – Boqueixón - A Coruña), achégase un expediente de legalización de vivenda unifamiliar, e proxecto básico e de execución de ampliación, asinado por Hernando Ezquerro, S.L.P., por medio do seu arquitecto representante, D. José Antonio Hernando Ezquerro, colexiado nº: 1.779.

Con data do 05/10/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, en base á documentación técnica achegada, mediante a cal solicita unha nova documentación técnica, xustificativa da legalización e ampliación pretendidas, así como outra documentación administrativa.

Con data do 20/10/2016, con rexistro de saída núm. 2016/1006, pola Alcaldía, comunícaselle ós promotores do expediente, o contido do informe técnico, para que presenten a documentación técnica e administrativa que no mesmo se solicita.

Con data do 24/11/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/2601, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, preséntase unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 05/10/2016.

Con data do 01/12/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable condicional**, en base á nova documentación técnica achegada, e que literalmente di:

1. *As obras a legalizar son:*

- *Edificio de planta baixa e primeira, para vivenda unifamiliar*
- *Anexo de planta baixa para almacén.*

*Para proceder á legalización, previamente deberanse executar as seguintes obras:*

- *Ampliación de soportal na planta baixa da vivenda, para cumprir co recuado máximo establecido na ordenanza.*
- *Actuacións interiores para cumprir co CTE HS3*
- *Revestimento exterior e pintado das fachadas do almacén*

2. *Deberase presentar o anexo visado polo colexio profesional correspondente.*

3. *Así mesmo, deberase presentar a seguinte documentación:*

- *Oficios de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde*
- *Autorización do Servizo de Estradas da Axencia Galega de Infraestruturas*

Con data do 01/12/2016, mediante correo electrónico, ponse en coñecemento do equipo redactor do proxecto de referencia, o contido do novo informe técnico, para que se aporte o expediente a documentación solicitada pola arquitecta municipal.

Con data do 30/12/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/2898, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, preséntase unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 01/12/2016.

Con data do 18/01/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0079, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, preséntase un proxecto de segregación da parcela nº: 22, da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón. Esta parcela está clasificada urbanísticamente como solo urbano; zona 3<sup>a</sup>: vivenda unifamiliar illada ou apareada, e solo rústico. Con data do 02/03/2017, por María Carmen Novoa Sío, emítase o informe técnico favorable á dita segregación en 4 lotes, con proposta de aprobación na Xunta de Goberno Local, de data do 06/04/2017.

Con data do 08/03/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0436, por D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, preséntase unha nova documentación técnica, en base ao informe técnico de data do 01/12/2016. A dita documentación consiste no plano de situación e emprazamento modificado, en base á proposta de segregación informada favorablemente pola arquitecta municipal, con data do 02/03/2017.

En base á nova documentación presentada, por María Carmen Novoa Sío, con data do 9 de marzo de 2017, emítase un novo informe técnico, e que basicamente di o seguinte:

*“O obxecto do proxecto presentado é a legalización da edificación sinalada co número 6, que ten como uso principal o residencial, e como uso complementario o comercial; así como unha edificación secundaria apegada.*

*O resto das edificacións existentes na parcela teñen unha antigüidade superior ós 15 anos, e non consta a existencia de expediente de reposición da legalidade urbanística algún, polo que, en todo caso (situación máis desfavorable), estarían suxeitas ó réxime previsto no artigo 90 da LSG, de acordo co artigo 153.2. Dado que non se cumpren as condicións establecidas no artigo 90.1, non se pode considerar que as devanditas edificacións estean en situación de fóra de ordenación, polo que, se fose o caso, sería de aplicación o réxime establecido no artigo 90.2, que establece que será o planeamento o que decida as actuacións permitidas.*

*A estes efectos, no artigo 2.3.3.2 quedan definidas as actuacións permitidas en edificios existentes en situación de “fóra de ordenación relativa”:*

- a) Ademais das obras directamente admitidas pola lexislación aplicable, poderanse realizar as obras nos edificios permitidas na ordenanza correspondente, salvo as de reestruturación que afecten a máis do 50% da superficie edificada do edificio.*
- b) As obras de nova edificación deberán someterse ás condicións establecidas na normativa aplicable.*
- c) Salvo determinación en contra da ordenanza correspondente, admítase a nova implantación e mudo de usos ou actividades.*

*Dado que están permitidas as obras admitidas pola ordenanza correspondente, a continuación xustifícase o cumprimento das condicións establecidas na Zona 3:*

<i>Ámbito e características: comprende as áreas do territorio sinaladas baixo o epígrafe de Residencial Unifamiliar Illada nos planos de pormenorización do solo urbano e urbanizable delimitado.</i>	
<i>Responde á tipoloxía de edificación illada ou pareada</i>	<i>illada</i>
<i>O seu uso característico é o residencial, clase A (vivenda en edificación unifamiliar, cando na unidade parcelaria, se edifica unha soa vivenda).</i>	<i>vivenda unifamiliar</i>
<i>2. Aliñacións e rasantes: as fixadas nos planos correspondentes</i>	
<i>3. Condicións de volume:</i>	
<i>- Fronte mínimo de parcela: 12m para edificacións illadas e 9 para</i>	<i>35,97m</i>

<i>pareadas</i>	
- Parcela mínima (neta): 300m <sup>2</sup> .	3,269,44m <sup>2</sup>
Ocupación do solo: 60% da parcela neta.	16,26%
Edificabilidade: 0,60m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> , da parcela neta.	0,23m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Altura da edificación: 6,50m.	6,42m
Número de plantas: dúas (PB+P1)	PB+P1
Pendente de cuberta: 40°, sendo continua e sen quebras en todo o seu desenvolvemento, segundo condicións particulares da presente normativa.	23,95° Non cumpre
Recuamento máximo en relación á aliñación: 3,00m.	En aliñación
Separación a lindeiros: 3,00m.	3m
<b>4. Usos compatibles:</b>	
<b>Industrial:</b> categoría A: almacenaxe (10CV e 200m <sup>2</sup> ) e oficios de tradición artesanal en xeral (10CV e 200m <sup>2</sup> ) en planta baixa e soto vinculado. categoría B: almacenaxe (50CV e 300m <sup>2</sup> ) e oficios de tradición artesanal (50CV e 300m <sup>2</sup> ) en edificio exclusivo, illado ou contiguo non incompatible con vivenda.	Industrial categoría A Oficio + almacenaxe: 299,28m <sup>2</sup>
<b>5. Outras condicións:</b>	
Admítese a tipoloxía pareada con condicións de edificación simultánea ou apegada a medianeiras existentes.	Edificio illado
Admítese o aproveitamento baixo cuberta, computando, a efectos de edificabilidade, todos os espazos de altura libre maior ou igual a 1,5m.	si
A efectos da regulación dos aproveitamentos baixo cuberta, permítese a construción de xanelas inclinadas nos faldróns de cuberta.	cumpre
Poderase construír unha planta de soto ou semisoto	non existe
Admítese a construción dunha edificación secundaria, mesmo sobre lindeiros, coas seguintes condicións:	
Ocupación do solo: 15% da edificada como construción principal	20,85m <sup>2</sup> (4,95%)
Altura de bordo: 2,80m	cumpre
Altura total: 3,50m	cumpre
Usos permitidos (complementarios ó uso principal): almacén de apeiros, adega, barbacoa, garaxe ou semellantes	almacén de apeiros
Acabados: non se permite o uso como vistos de materiais deseñados para seren revestidos.	enfuscado e pintado
Computan no global das condicións de volume	si

En relación á cuberta, compróbase no proxecto a existencia dunha quebra no desenvolvemento da cuberta, polo que non cumpre coas condicións da ordenanza. Non obstante, teranse en conta as condicións particulares para cubertas, establecidas no artigo 6.9.3 da Normativa do PXOM, que permite excepcións autorizadas expresamente polo Concello, e debidamente xustificadas.

A cuberta principal do edificio está resolta a dúas augas, cunha pendente de 23,95° en ambos faldróns, excepto nunha parte do faldrón leste, no que existe unha bufarda, na que se localiza o único acceso ó primeiro andar; por outra banda, de acordo co plano A4 do proxecto, a altura da edificación no seu punto máis desfavorable é de 6,42m. Para unificar as dúas pendentes da cuberta, hai dúas opcións:

- Elevar a altura dos paramentos verticais da edificación, o que supón superar o límite de 6,50m establecido na ordenanza, polo que non resulta viable.
- Eliminar a bufarda, o que supón que non se poda acceder ó primeiro andar. Neste sentido, o único acceso posible sería dende a fachada principal, e carrexaría modificar totalmente a distribución interior da vivenda.



- *Reducir a altura da planta baixa da edificación, o que supón practicamente a derruba total do edificio principal.*

*Á vista da imposibilidade técnica para solucionar a cuberta sen incumprir máis requisitos da ordenanza, e dos importantes prexuízos económicos que provoca a eliminación da bufarda; e tendo en conta, por outra banda, que a edificación localízase en solo urbano, e non en solo de núcleo rural, quen asina entende que queda xustificada a aplicación neste caso da excepcionalidade permitida pola normativa para o cumprimento das condicións estéticas das cubertas.*

*En consecuencia, **infórmase favorablemente** a solicitude de licenza presentada para a execución das seguintes obras, co obxecto da legalización urbanística do conxunto edificado na devandita finca:*

- *Ampliación de soportal na planta baixa da vivenda, para cumprir co recuado máximo establecido na ordenanza.*
- *Actuacións interiores para cumprir co CTE HS3.*
- *Revestimento exterior e pintado das fachadas do almacén.*

*Infórmase ós efectos oportunos.”*

Con data do 31 de marzo de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude de legalización e obras*
- *O modelo de estatística de edificación e vivenda*
- *O informe técnico de data do 5 de outubro de 2016*
- *O informe técnico de data do 1 de decembro de 2016*
- *O informe técnico de data do 9 de marzo de 2017*
- *A oficio do Servizo Provincial de Infraestruturas, de que as actuacións se encontran fóra da zona de dominio público da estrada AC-960*
- *O oficio de dirección das obras*
- *O oficio de dirección de execución das obras*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O proxecto de legalización e obras con n.º: de visado 1604589,1*
- *O anexo ó proxecto de legalización e obras, con n.º: de visado 1604589,6*

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro:**

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”; a D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, con DNI n.º: xxxxx, e Don Rafael xxxxx, con DNI n.º: xxxxx; para as seguintes actuacións:

- *Ampliación de soportal na planta baixa da vivenda, para cumprir co recuado máximo establecido na ordenanza.*
- *Actuacións interiores para cumprir co CTE HS3*
- *Revestimento exterior e pintado das fachadas do almacén*

As ditas obras emprázanse sobre a parcela catastral n.º: 7918405NH4471N0001KD, que se corresponde coa finca n.º: 22, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón, sita no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón.

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

- Número do expediente municipal: 2016 / 1627
- Promotores do expediente: D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx - Don Rafael xxxxx
- D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
- Ordenanza: solo urbano; zona 3<sup>a</sup>: vivenda unifamiliar illada ou apareada, e solo rústico
- Tipo de licenza: Obras de adaptación á normativa urbanística municipal vixente
- Situación e emprazamento: Lugar de O Forte – Parroquia de San Vicente de Boqueixón
- Referencia catastral da parcela: 7918405NH4471N0001KD
- Ocupación: 14,72 %
- Edificabilidade: 0,17 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- Superficie construída actual: 574,46 m<sup>2</sup>
- Superficie construída a realizar: 54,40 m<sup>2</sup>
- Superficie construída total final: 628,86 m<sup>2</sup>
- Taxa municipal pola tramitación do expediente: 722,06 € (abonada con data 01/08/2016)
- Orzamento de execución material das obras de adaptación á normativa vixente: 9.600 €
- Liquidación do I.C.I.O. (1,9%), das obras de adaptación, á normativa vixente: 182,40 €
- Técnico redactor do proxecto: José Antonio Hernando Ezquerra, Colexiado nº: 1.779
- Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
  - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

**09.** Unha vez rematadas as obras obxecto desta licenza, deberán achegar o **certificado final de obras**, para a comprobación da adecuación das obras executadas á licenza concedida, e no seu caso, proceder á legalización urbanística solicitada.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **182,40 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación da taxa, e do ICIO:

A liquidación por importe de **182,40 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N<sup>o</sup>: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Poñer en coñecemento de D<sup>a</sup>. Carmen xxxxx, e Don Rafael xxxxx, que para proceder á legalización definitiva das actuacións levadas a cabo sobre a parcela catastral nº: 7918405NH4471N0001KD, obxecto deste expediente, o orzamento de execución material das obras realizadas será de 154.600 €, en base ao proxecto técnico de legalización presentado; e a liquidación definitiva dos dereitos municipais (I.C.I.O.), será por importe de 2937,40 €.

Cuarto:

Notificar este acordo ós interesados

B) Expte : 2016/1795 – Ampliación de explotación de gando vacún leiteiro

Antecedentes:

Con data do 23 de agosto de 2016, con rexistro de entrada 16/1795, por S.A.T. CANDESA, con CIF núm. xxxxx, preséntase un proxecto técnico de ampliación de explotación de gando vacún leiteiro, sita no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Brais Vázquez Rey, colexiado n.º: 1831.

Con data do 27 de outubro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico favorable condicional, con relación á documentación presentada.

Con data do 7 de novembro de 2016, pola Alcaldía, con rexistro de saída n.º: 16/1092, de data do 9 de novembro de 2016, comunícaselle a SAT Candesa o contido do informe técnico, para que procedan a emendar a documentación achegada, conforme no dito informe se especifica.

Con data do 14 de novembro de 2016, con rexistro de entrada n.º: 16/2486, por SAT Candesa, achégase unha nova documentación técnica, en base ao informe de data do 27 de outubro.

Con data do 24 de novembro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un novo informe técnico favorable condicional, e que literalmente di:

*“ Dado que para a solicitude de licenza presentouse un proxecto básico e de execución, toda a documentación integrante do mesmo deberá vir visada polo colexio profesional correspondente.*

*En cumprimento do artigo 36 da Lei, por localizárense as actuacións previstas en solo rústico de especial protección agropecuaria, deberase obter informe favorable da Consellería do Medio Rural*

*NOTA: a tramitación da licenza de obra para a ampliación prevista queda en suspenso mentres non se remate de tramitar a licenza de actividade orixinal (expte. 14/2251)”.*

Con data do 1 de decembro de 2016, con rexistro de saída n.º: 16/1176, de data do 2 de decembro de 2016, solicítase a autorización ou informe favorable da Consellería do Medio Rural.

Con data do 13 de decembro de 2016, con rexistro de entrada n.º: 16/2760, de data do 15 de decembro de 2016, pola Consellería do Medio Rural, achégase o **informe favorable** para o expediente de referencia.

Con data do 2 de marzo de 2017, na Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, outorgouse a licenza de Inicio de Actividade, a SAT CANDESA, para *posta en funcionamento dunha explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro* (expte. 14/2251).

Con data do 9 de marzo de 2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable**, para a concesión da licenza municipal de obras.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O xustificante do pago das taxas municipais, por importe de 879,62 (26/08/2016)*
- *O proxecto técnico básico e de execución visado (nº: 20160794 do 22/08/2016)*
- *O informe técnico favorable condicional, de data do 27 de outubro de 2016*
- *O informe técnico favorable condicional, de data do 24 de novembro de 2016*
- *O anexo o proxecto técnico visado (nº: 20160794 do 19/12/2016)*
- *O informe favorable da Consellería do Medio Rural (13/12/2016)*
- *O informe técnico favorable, de data do 9 de marzo de 2017*

Con data do 31 de marzo de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a licenza municipal de obras, a SAT CANDESA, para a “*ampliación de explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro*”, sita no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes condicións:

a.- Condicións particulares desta licenza:

01. Expte: 2016/1795
02. Promotor do expediente: S.A.T. CANDESA
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: *Solo non urbanizable de especial protección agropecuaria*
05. Tipo de Obras: *Ampliación de explotación de gando vacún leiteiro*
06. Situación e emprazamento: *Outeiro - Lamas*
07. Parcelas: *15012A503005520000WU - 15012A503005530000WH - 15012A503005540000WW*
08. Superficie parcelas do proxecto: *15.315 m<sup>2</sup>*
09. Superficie edificada actual: *3.467,70 m<sup>2</sup> (22% ocupación)*
10. Superficie de ampliación a edificar: *731 m<sup>2</sup>*
11. Superficie total edificada final: *4.198,70 m<sup>2</sup> (27% de ocupación)*
12. Superficie total máxima permitida: *9.189 m<sup>2</sup> (60% de ocupación)*
13. Taxa pola solicitude da licenza de obras: *879,62 € (abonada con data do 26/08/2016)*
14. Orzamento de execución material inicial das obras: *84.791,51 €*
15. Orzamento de execución material final das obras: *89.167,87 €*
16. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras definitivo (I.C.I.O.): *1.694,19 €*
17. Técnico autor do proxecto: *Brais Vázquez Rey. Enxeñeiro Técnico Agrícola, col nº: 1.831*
18. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: *6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)*
  - Para terminar as obras: *3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)*

b.-) Condicións especiais desta licenza:

1. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico, e Anexo visados (20160794 do 22/08/2016 - 20160794 do 19/12/2016), e que serviron de base para a tramitación deste expediente. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída nesta documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.
2. Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

3. A nova edificación proxectada, quedará vinculada á actividade da explotación a nome de SAT CANDESA, e as condicións da licenza de inicio de actividade, de data do 2 de marzo de 2017, impostas pola Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, no novo ditame de incidencia ambiental favorable, emitido con data do 06/10/2016, son de obrigado cumprimento.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 1.694,19 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **1.694,19 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

## 16.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas por un importe total de 44.434,77 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Sogama, SA – Tratamento RSU mes de febreiro	162.3.21200	7.273,27
2	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez por ITV vehículo Nissan 5770 DFF	135.21300	46,83
3	Instalaciones Marei – Aluguer diario de grupo electrógeno os días de temporal por falta de luz, servizo de abastecemento	161.21200	1.892,44
4	David Fernández Neira – Servizo de actividades deportivas mes de febreiro	341.22609	1.730,30
5	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar por asistencia curso TEDec/SIGM coa plataforma de padrón de habitantes en Deputación da Coruña	920.231.00	54,80
6	Liquidación de gastos de Arlette Aimée Freire por desprazamentos para impartición clases de inglés	334.22300	224,96
7	Baygar, SL – Espellos e balizas para sinalización pistas municipais	153.2.221.99	532,40
8	Office Depot – Papel para as oficinas municipais adquirido pola central de contratación da Deputación	920.220.00	714,38
9	Cogami – Recollida papel e cartón mes de febreiro	162.3.212.00	395,21
10	Gasóleos S. Benito – Gasolina para maquinaria xardín e pienso para cans	171.22103 920.22105	76,03
11	Liquidación de gastos de María Cruz Ferreiro Sanín pola compra de velcro para montaxe exposición O Pico Sacro no código calixtino	432.22602	9,50
12	Ferrecal, SA – Materiais varios para servizo abastecemento	161.221.99	126,64
13	Galitrans-96, SL – Transporte alimentos cruz vermella	231.48000	242,00
14	Rita Goimil Martínez Procuradora – Minuta honorarios xuízo Francisco Javier León Neira	920.22799	167,98
15	Trofeos Martínez – Trofeos adquiridos V carreira da Filloa	341.22609	208,50
16	Area Informática – Grampadoras, selo e grampas para oficinas municipais	920.22000	127,60
17	Baygar, SL – Subministro de 4 papeleiras	151.22199	484,00
18	Electricidad Arteaga Gres,SL – Construción torreta repetidor TV segundo convenio asinado con Vila de Cruces	165.22199	8.119,10
19	Producciones Audiovisuales Sete Media, SL – Gastos de produción programa Aquí Galicia realizado en Lestedo o día 4/03/2017	432.22602	330,00
20	Panadería Fachal – Empanadas para pinchos exposición “ O Pico Sacro no código	432.22602	33,53

	calixtino”		
21	Via da Prata – Pinchos exposición “ O Pico Sacro no código calixtino”	432.22602	106,00
22	Eurolinguas Traducións, SC – Tradución español –inglés paneis informativos do Pico Sacro	432.22602	57,56
23	Xunta de Galicia – Taxa para modificación substancial Escola Infantil Municipal	231.22799	60,00
24	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de febreiro	231.22799	418,95
25	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de marzo	231.22799	538,65
26	Gráfica de Asturias, SL – Encadernación dos libros de resolucións e actas da Xunta de Goberno e Plenos do ano 2016	920.22000	179,69
27	Compostela Digital, SL – Instalación de rede nova e configuración de equipo para o grupo da oposición	920.22200	331,29
28	Supervisión y control,SA – ITV do vehículo 1599 GZL do servizo de abastecemento	135.21300	46,83
29	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación escola infantil municipal mes de febreiro	231.22105	247,89
30	Antonio Pena, SL – Arranxo instalación auga no campo de fútbol do Forte	342.21200	219,28
31	Antonio Pena,SL – Arranxo caldeira calefacción na casa do concello	920.21200	24,20
32	Antonio Pena, SL – Arranxos varios na rede xeral de abastecemento de auga	320.21200	879,77
33	Droga Conde, SA – Subministro de cloro para ETAP Orto	161.22199	314,60
34	Ascensores Enor, SA – Servizo mantemento ascensor da casa do concello do mes de abril	920.21200	78,23
35	Ascensores Enor,SA – Servizo mantemento ascensor CPI Antonio Orza do mes de abril	320.21300	78,24
36	Construcciones Boqueixón, SL – Traballos e aluguer de maquinaria para arranxo avaría abastecemento de auga en Loureda	161.21200	350,90
37	Construcciones Boqueixón, SL – Traballos e aluguer de maquinaria para arranxo avaría abastecemento de auga en Quián – Sergude	161.21200	263,18
		Importe	26.984,73

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
38	Vodafone – Servizo mensared do 15/02/17 ó 14/03/17	920.22200	14,54
39	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica teléfonos fixos, factura agrupada do mes de febreiro	920.22200	601,72
40	Telefónica de España, SAU – Facturación variable servizos información outras operadoras mes de febreiro	920.22200	10,53
41	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de marzo	920.21600	592,22
42	Telefónica Móviles España, SA – Conceptos fora de tarifa plana - móbiles mes de marzo	920.22200	3,48
43	Estudio Técnico Gallego,SA – Asistencia técnico urbanística mes de marzo	151.22706	1.948,54
44	Telefónica de España, SAU – Servizo fusión: fax+adsl+móbiles do 18/02/17 ó 17/03/17	92022200	462,70
		Importe	3.633,73

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 1.189,17 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2017.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN170300285734	ES0111000009304046LB0F	137,18	Alum. Púb. Granxola-Codeso	15/03/17	29/12/16 a 28/02/17
1CSN170300285738	ES0111000009304058CT0F	366,85	Lugar Loureiro - Pousada	15/03/17	29/12/16 a 28/02/17
1CSN170300285747	ES0111000009305006SM0F	183,84	Lugar Donas	15/03/17	29/12/16 a 28/02/17
1CSN170300285772	ES0111000009313013HP0F	437,38	Lugar Camporrapado	15/03/17	30/12/16 a 28/02/17

1CSN170300285803	ES0111000009313064CJ0F	63,92	Lugar Devesa	15/03/17	30/12/16 a 28/02/17
<b>TOTAL</b>		<b>1.189,17 €</b>			

### **Aprobación de facturas con cargo a subvencions**

Rede Cultural ano 2017

Deputación da Coruña

Partida presupostaria 334.226.09

Núm.	Proveedor	Importe
1	Fantasia Animación – Realización actuación infantil “O mar sen auga” – convenio Deputación	1.500,00

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras

Importe: 108.062,85 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Almacenes Redondo – Malla electrosoldada para cimentación campo de fútbol de Camporrapado	1.378,80
2	Ferliño, SL – Aluguer de maquinaria para obras do campo de fútbol do Forte	508,20
3	Almacenes Redondo – Materiais varios para obra do campo de fútbol de Camporrapado	625,64
4	Construcciones Boqueixón,SL – Aluguer camión para transporte pisón	193,60
Total		2.706,24

Subvención solicitada para promoción entroido dos Xenerais do Ulla

Deputación da Coruña

Núm.	Proveedor	Importe
1	RSende Imaxson, SLU - Montaxe e desmontaxe da exposición Xenerais da Ulla	586,25
2	Títeres Cachirulo, SL – 8 representacións espectáculo As Xenerais da Ulla nos concellos de Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Santiago, Boqueixón, Vedra, Teo e Touro	5.324,00
3	La Voz de Galicia, SA – Publicidade Xenerais do Ulla día 9 de febreiro	484,00
4	La Voz de Galicia, SA – Publicidade Xenerais do Ulla días 15, 16 e 17 de febreiro	241,98
Total		6.636,23

Festa da Filloa de Lestedo – facturas que poden ser obxecto de imputación a subvención

Núm.	Proveedor	Importe
1	Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA – Publicidade Festa da Filloa Lestedo do 01/03/17 ó 04/03/17	243,13
2	Editorial Compostela, SA – Promoción Festa da Filloa 2017	1.541,54
Total		1.784,67

### **17.Aprobación de certificación de obra**

O día 7 de novembro de 2016, foi asinado o contrato entre esta entidade e a empresa Martínez Montes e Hijos, SL para realizar a obra arriba mencionada. O importe de adjudicación foi de 48.279,00 euros. Esta obra está incluída no plan PAS 2015 financiada na súa totalidade pola Deputación da Coruña.

O día 27 de marzo, a empresa entregou no rexistro municipal a certificación núm. 2 e final da obra, por importe de 25.795,97 euros. Tamén se recibiu a correspondente factura electrónica polo mesmo importe.

Na cláusula segunda do contrato figura que lle será retido da certificación da obra o importe correspondente ó 4% do orzamento de execución material, que será destinado ó pagamento do control de calidade externo, tal e como figura nos pregos da contratación e na oferta presentada pola empresa.

A empresa que realiza os controis, Eptisa, SL presenta un presuposto por importe de 1.540,85 euros + IVE para a elaboración dos correspondentes ensaios e probas dos diferentes controis a realizar, que é aceptado. O día 13 de marzo ten entrada unha factura por importe de 229,90 euros correspondentes a certos traballos de controis. O día 31 de marzo, ten entrada unha factura por importe de 950,88 euros. Polo tanto o control de calidade realizado nesta obra ten un custo real de 1.180,78 euros.

Para proceder co pagamento da certificación e dos controis de calidade, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 2 e final da obra Camiño de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros, por importe de 25.795,97 euros. Asi mesmo, aprobar o pagamento da factura correspondente emitida polo mesmo concepto e importe.

2 Aprobar as facturas núms. EE0170051 e EE0170072 emitidas pola empresa Eptisa, SL polos controis de calidade efectuados na obra referida e polos importes de 229,90 e 950,88 euros respectivamente. A suma destes dous importes seralle descontado á empresa do total da certificación, polo que o importe que se debe ingresar a Martínez Montes e Hijos SL será de 24.615,19 euros ( 25.795,97 – 1.180,78= 24.615,19 euros)

3 Facer o pagamento da factura con cargo á axuda concedida pola Deputación da Coruña e consignada no orzamento do ano 2016

## **18. Contratación da festa dos maiores**

O día 6 de maio de 2017 vaise a realizar o Encontro de Maiores que tódolos anos organiza este concello. Terá lugar non pavillón do Forte.

Como é sabido, aparte doutras actividades programadas para ese día, tamén se organiza un xantar onde, as persoas que o soliciten e aboen os prezos aprobados para o efecto, poden participar.

Estes prezos foron aprobados na Xunta de Goberno do día 16 de marzo.

É preciso solicitar presuposto a 3 empresas para adxudicar o xantar, no que participarán arredor dunhas 300 persoas.

O menú que se quere ofrecer será o seguinte:

Empanada

Pulpo



Carne ó caldeiro  
Postre  
Bebidas e café

Ademáis, a empresa que elabore o menú deberá incluír os medios técnicos e humanos que se precisen para a realización do evento. Estes medios deberán figurar no presuposto que nos presenten para que poidan ser valorados.

O importe máximo por persoa fíxase en 23 euros ( IVE incluído)

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar presupostos para a realización do xantar que terá lugar no Encontro de Maiores, e que constará do menú sinalado, ás seguintes empresas:

Congelados Veloso,SL  
Ponte Ulla, 15  
15885 Vedra

Restaurante A Magdalena  
Santiso, 57 – Castrofeito  
15824 O Pino

Restaurante Casa Taboada  
Goleta, 4 – Loxo  
15822 Touro

Inocencio Iglesias Blanco  
Pulpería Constante  
Lg. Cruz, 18 – Cira  
Silleda

## **19. Contratación do operador de telefonía**

Neste momento o concello ten contratado coa empresa Movistar, o servizo de tódalas liñas telefónicas, tanto de telefonía móbil como de fixos. Aparte, téñense contratados dous servizos de ADSL, un para a Escola infantil de Lestedo e outro para a Casa do Concello. O importe total mensual dos servizos é de aproximadamente 1.000 euros.

Despois de solicitar ofertas a varios operadores, estúdase a posibilidade de, sin modificar os números de teléfono, adxudicar o contrato do servizo de telefonía ó operador que presentase a oferta máis vantaxosa.

A continuación resúmense as propostas de cada unha das empresas ofertantes:

- Movistar: Custo servizo teléfonos fixos + móbiles: 600 euros, 2ADSL+liñas+ tarifa plan fixos: 88,24 euros. Total servizo ó mes: 688,00 euros + IVE
- Vodafone: custo servizo liñas teléfonos fixos e móbiles: 727,00 euros + 60 euros polas dúas ADSL + 90 euros por bono compartido de datos para tódalas liñas móbiles. Total servizo ó mes: 877,00 euros + IVE
- Orange: Custo servizo liñas teléfonos fixos e móbiles: 656,00 euros + IVE

Os tres operadores cambiarían tódolos terminais fixos e móbiles do concello.

Á vista das ofertas presentadas e tendo en conta a oferta máis vantaxosa para o concello, a Xunta de Goberno acorda:

1 Adxudicar o contrato do servizo de telefonía móbil + fixa á empresa Orange polo importe total mensual de 656,00 euros + IVE, facendo as modificacións que se precisen para o correcto funcionamento dos servizos. A permanencia é de dous anos.

2 Comunicar á empresa este acordo

## **20.Modificacións no padrón do lixo**

A) Con data 8 de marzo, dona Lourdes xxxxx, presenta un escrito neste concello, no que solicita a anulación do recibo do lixo do ano 2016 da vivenda que figura ó seu nome no padrón fiscal correspondente. Acompaña copia da escritura da compra venda da propiedade afectada.

Á vista dos datos obrantes neste concello e dos datos presentados pola solicitante, compróbase que con data 30 de decembro de 2014, a vivenda propiedade de dona Lourdes xxxxx foi adquirida pola sociedade mercantil Vista Jardín, SLU con domicilio en Ardesende – Codeso – Boqueixón.

Á vista do alegado pola solicitante, a Xunta de Goberno acorda:

-Anular o recibo do lixo do ano 2016 con núm. fixo 253000656649 emitido a dona Lourdes xxxxx pola propiedade situada no lugar de xxxxx - Codeso, ó non corresponder o pagamento da taxa pola venda da vivenda con data 30/12/2014.

-Comunicar á sociedade mercantil Vista Jardín, SLU, representada por don Javier xxxxx, que debe aboar a taxa do lixo do ano 2016 por un importe de 62,53 euros, e que no padrón do ano 2017 xa se modifica o suxeito pasivo da mesma.

-Comunicar á Deputación da Coruña, a anulación do recibo do lixo a nome de Lourdes xxxxx

B) Na Xunta de Goberno do día 2 de marzo, e segundo petición do solicitante don José María xxxxx, acordouse modificar o suxeito pasivo do recibo do lixo a nome de dona María xxxxx, tendo en conta que a vivenda obxecto da taxa é propiedade en gananciais ó 50%. –

Posteriormente, con data 28/03/17, dona María xxxxx, presenta unha alegación onde se mostra en desacordo co adoptado e achega sentenza ditada pola Audiencia Provincial da Coruña, onde se atribúe o uso do domicilio situado en Donas xxxxx– Boqueixón, a don José María xxxxx.

Segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, no seu art. 3.1º, *son suxeitos pasivos, a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei xeral tributaria que con referencia ás manifestacións de feito impositivo recollidas no art. anterior, se atopan nas seguintes posicións:*

*1º. En relación á contida na súa letra a):*

*Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares en que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa sexan a título de propietarios ou por calquera outro: usufrutuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario.*

Polo tanto, á vista do especificado na ordenanza, e tendo en conta o ditado en sentenza, o suxeito pasivo debe ser o usuario da vivenda que neste caso é don José María xxxxx.

A Xunta de Goberno acorda:

-Non modificar o suxeito pasivo do lixo da vivenda situada no lugar de Donas xxxxx, a nome de don José María xxxxx, ó serlle adxudicado, por sentenza, o uso do domicilio dos cónxuxes.

-Comunicarlle a dona María xxxxx que se deixa sin efecto o acordo adoptado na anterior Xunta de Goberno, tendo en conta que se descoñecía a existencia da sentenza de divorcio.

-Comunicar así mesmo este acordo a don José María xxxxx.

## **21.Adxudicación do contrato para a realización do curso de monitor de tempo libre**

Na Xunta de Goberno realizada o día 16 de marzo, acordouse solicitar presupostos a varias empresas para levar a cabo un curso de monitor de tempo libre.

O comezo do curso tería lugar o día 10 de abril e como data aproximada de remate fixouse o 30 de xuño.

As empresas consultadas foron: Marexada, Asociación Sociocultural Aporía (Aloumiña) e Asociación do Deporte e Xogo Tradicionais.

Envíanse solicitudes de proposta o día 23 de marzo, concedéndoselle de prazo ata o día 31 de marzo para a presentación dos seus presupostos.

O día 28 de marzo, presenta a súa proposta a Asociación sociocultural Aporía (Aloumiña).

O día 29 de marzo, presenta o seu presuposto a Asociación do deporte e xogo tradicionais.

O día 31 de marzo, presenta o seu presuposto a entidade Marexada.

A Asociación sociocultural Aporía, presenta unha memoria da actividade que dará comezo o día 10 de abril e remata o día 28 de maio, o orzamento é de 4.150,00 euros.

A Asociación do deporte e xogo tradicionais, presenta unha memoria da actividade que dará comezo o día 15 de abril e remata o día 15 de xuño, o orzamento é de 4.300,00 euros.

A entidade Marexada, presenta unha memoria da actividade que dará comezo o día 10 de abril e remata o día 28 de maio, o orzamento é de 5.000,00 euros.

Á vista destes datos, descártase a Asociación do deporte e xogo tradicionais ó non coincidir as datas coas solicitadas. Por outro lado, ó examinar as propostas das dúas asociacións restantes, óptase pola Asociación sociocultural Aporía, ó ofertar o prezo máis baixo.

Debido a que urxe a contratación posto que a actividade ten que dar comezo o vindeiro día 10 de abril, a Xunta de Goberno acorda:

-Adxudicar á Asociación sociocultural Aporía o contrato da realización dun curso de monitor de tempo libre que se iniciará o vindeiro día 10 de abril e cuxo custo total será de 4.150,00 euros.

-Comunicar este acordo á dita asociación e á OMIX

## **22. Convenio de intercambio campamento Boqueixón-Ibiza**

O departamento de Xuventude iniciou unha búsqueda polo mes de xaneiro de posibles socios para a realización dun intercambio entre concellos de diferentes comunidades. As actividades a compartir nos diferentes campamentos irán dirixidas a mozos/as entre 13 e os 18 anos. A temática do campamento contará única e exclusivamente cunha programación de actividades culturais e deportivas e unha duración dunha semana.

Recibida a resposta favorable do Concello de Ibiza, a través do seu departamento xuvenil C19, que cumpren os obxectivos marcados para levar a cabo a actividade.

Obxectivos:

- Contan cunha instalación casa de colonias para o aloxamento do grupo.
- Obxectivos principais é o ocio saudable con actividades culturais e deportivas.
- Ter experiencia na organización de campamentos.

As condicións do intercambio son que o Concello de Boqueixón comprométese a acoller un campamento de mozos/as de Ibiza durante unha semana no mes de xullo e o Concello de Ibiza comprométese a acoller un campamento de Boqueixón no mes de agosto.

O que se pretende con este convenio é un compromiso de colaboración entre ambos concellos para a realización dun intercambio e aumentar a oferta, se existe demanda, con outras actividades xuvenis como campos de traballo, formación ou voluntariado.

Por isto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre ambos concellos:

### **REUNIDOS**

Por un lado, El Ayuntamiento de Ibiza, con sede social en Plaza de España, 1, 07800, Ibiza y con NIF núm. P0702600H.

Y de otra, el El Ayuntamiento de Boqueixón, con sede social en Forte s/n 15881, Boqueixón, a Coruña, con CIF : P 1501200 H

### **ACTUANDO**

El Ayuntamiento de Eivissa a través de su entidades representantes: - Departamento de Juventud, Centro de Creación Joven C19, con su personal técnico Encarnación Silverde con DNI xxxxx y Belén Cardona con DNI xxxxx.

El ayuntamiento de Boqueixón a través de la OMIX: - Oficina de información juvenil del ayuntamiento de Boqueixón, con su personal técnico Pascual Villaverde Núñez con DNI xxxxx

Reconociéndose recíprocamente las partes capacidad y representación suficientes acuerdan el siguiente compromiso de COLABORACIÓN entre Ayuntamientos.

### **Primera.- Naturaleza del compromiso**

Este compromiso se desarrolla a partir de una petición de intercambio juvenil por parte de la OMIX del Ayuntamiento de Boqueixón al departamento de Juventud del Ayto. De Ibiza, teniendo en cuenta que sus objetivos en campamentos son similares y pudiendo unir recursos ofreciendo un ocio de calidad a los jóvenes.

El Presente Compromiso no tiene **ningún interés lucrativo** para ambas partes, basándose en el principio altruista de los fines perseguidos por estos firmantes y reconociéndose recíprocamente la buena fe contractual de las partes.

### **Segunda.- Objeto del compromiso**

- a. Intercambio: realizar un intercambio entre ambos ayuntamientos con adolescentes entre 13 y 18 años, con duración de una semana entre los meses de julio y agosto. Cada ayuntamiento se compromete a sufragar los gastos de alojamiento, pensión completa, actividades y desplazamientos durante la estancia del grupo visitante.
- b. Oferta de campos de trabajo – o estancias de formación que cada Ayuntamiento pueda disponer para ofrecer a los jóvenes entre 16 y 26 años del municipio plazas en estas actividades organizadas por cada ayuntamiento.

### **Tercera.- Tiempo y lugar de la actividad**

Visita de Ibiza a Boqueixón del 19 al 26 31 de julio de 2017. Una semana un grupo de 20 adolescentes con 2 adultos.

Visita de Boqueixón a Ibiza del 2 al 9 de agosto de 2017. Una semana un grupo de 20 adolescentes con 2 adultos.

Las dos visitas incluyen por la parte receptora abonar el coste total de la estancia menos el traslado en avión. Esto incluye el coste del autobús del aeropuerto al alojamiento, la pensión completa y las actividades durante la estancia.

El número de plazas podrá ser incrementado estando de acuerdo ambas partes .

### **Cuarta.- Derechos y Obligaciones**

Ambas partes se compromete a:

- a) Cumplir los compromisos aceptados con el otro Ayuntamiento al qual visitan, respetando los fines y las normas internas de funcionamiento.
- b) Mantener la confidencialidad de las informaciones recibidas y conocidas en el desarrollo de su actividad, tanto respecto de los beneficiarios como de la entidad.
- c) Actuar de forma diligente y responsable con el grupo.
- d) Participar en las actividades informativas previstas por la organización y, concretamente, en aquellas que están dirigidas a ofrecer una preparación para las actividades y funciones acordadas si las hay, y también en aquellas de carácter permanente que se necesiten para mantener la calidad de los servicios que se prestan. Así como mantener los contactos necesarios para organizar lo acordado.
- e) Observar las medidas de seguridad e higiene reglamentadas y seguir las instrucciones que se establezcan en la ejecución de las actividades acordadas.
- f) Cuidar y hacer buen uso del material o instalaciones confiado.
- g) Ayudar al personal monitor que acompañe a cada grupo
- h) Cada Ayuntamiento debe adscribir en su póliza de accidentes el número, que lo cubra los riesgos de accidente y enfermedad derivados directamente del ejercicio de la actividad durante esa semana, con las características y por el capital asegurados que se establezcan reglamentariamente en cada comunidad.

### **Quinta.- Duración y Causas de terminación de la relación**

Este acuerdo tiene una duración indeterminada. Con el objetivo de poder empezar una relación duradera en el tiempo con el otro Ayuntamiento.

Cualquiera de las partes puede dejar sin efecto este acuerdo notificando antes de empezar a dar publicidad a la actividad.

En representación del Ayuntamiento de Ibiza

El alcalde  
Agustin Perea Motiel  
En representación del Ayuntamiento de Boqueixón  
El alcalde

Manuel Fernández Munín

2. Dar traslado deste acordó o Concello de Ibiza

### **23.Aprobación do programa de actuacións preventivas de incendios forestais, ano 2017**

O 23 de xuño de 2016, asinouse o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Según se recolle na cláusula terceira os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planificaranse previamente a través dun único programa de actuacións preventivas cos seguintes contidos:

- Ámbito de actuación das actuacións preventivas:

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en:

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
  - Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
  - Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
  - Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.
- Tipos de traballo obxecto de axuda:

Brigadas: Consistirán en actuacións manuais, en zonas non mecanizables, mediante tratamentos silvícolas, como rozas, rareos e posterior eliminación de restos.

Tratamentos preventivos: Consistirán en actuacións mecanizadas mediante desbroces ao obxecto de diminuír a carga de combustible.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar o programa de actuacións preventivas en materia de incendios
- 2.- Comunicar este acordo ao Distrito Forestal III.

### **24.Xustificación gastos grupo político e aboamento primeiro trimestre 2017**

En cumprimento do acordo plenario de data 11/11/2015 aboaránselle aos grupos municipais os seguintes importes:

Grupo político	Dotación fixa	Dotación variable
PP	200 €	2.255 €
Veciñ@s	200 €	845 €

Con data 3 de febreiro do 2017, desde o departamento de intervención, remitíuselles un escrito no cal se lles comunica que para efectuar o aboamento dos importes correspondentes ao ano 2017, deben presentarse os xustificantes dos gastos realizados no 2016 con cargo á dotación variable.

Con data 3 de abril do 2017, rexistro de entrada número 621/2017, recíbese a conta xustificativa dos gastos realizados no ano 2016 polo grupo municipal do Partido Popular.

Revisados os documentos presentados xunto coa citada conta xustificativa en relación coa dotación variable, compróbase por intervención que en xeral non se acreditan adecuadamente as xuntas, reunións, congresos realizados nin a súa afectación ao concello de Boqueixón e tendo en conta que o importe total ascende a 2.300,49 €, dáse por xustificado o importe recibido do concello, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a xustificación dos gastos realizados no ano 2016 polo grupo municipal do Partido Popular en relación coa dotación variable (2.255 €).
2. Ingresar ó grupo municipal do Partido Popular o importe de 613,75 € correspondentes ó primeiro trimestre do 2017.
3. Comunicar ó grupo municipal do Partido Popular que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

## **25.Solicitud subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral. Aprobación convenio de colaboración cos concellos de Touro e Vedra**

No DOGA número 58 do xoves 23 de marzo de 2017, saíu publicada a Orde pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.

No artigo 2 punto 1a) recolle que poderán ser beneficiarias da subvención as entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local, cuxa titularidade corresponda integramente a esta, sempre que por si soas ou asociadas entre concellos limítrofes teñan unha media de paro rexistrado no ano 2016 superior a 500 persoas, ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos).

No artigo 3 punto 1 recolle que serán actividades do servizo de orientación laboral o diagnóstico individualizado e a elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego; o deseño do itinerario personalizado para o emprego; o acompañamento

personalizado no desenvolvemento do itinerario e cumprimento do compromiso de actividade; o deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral; o asesoramento e axuda técnica adicional para a definición do seu currículo e a aplicación de técnicas para a procura activa de emprego; información e asesoramento adicional sobre a situación do mercado de traballo e as políticas activas de emprego, a oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e a cualificación europeas e a posta en marcha de proxectos emprendedores ou de emprego autónomo; apoio á xestión da mobilidade laboral; coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral e coa Rede de técnicos de emprego de Galicia e a mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 24 de abril de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

A. Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha axuda económica de 25.000€ para subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, durante un período de 12 meses.

A.1. Aprobar a memoria explicativa na que se reflicte:

A.1.1. Atención colectivos con necesidades especiais.

A.1.2. Experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas.

A.1.3. Descrición das medidas de carácter ocupacional complementarias desenvolvidas pola entidade.

B. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Touro e Vedra para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral, xa que Boqueixón de forma illada non reúne o número de parados precisos para ser beneficiario da subvención:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN , O  
CONCELLO DE TOURO E O CONCELLO DE VEDRA

En Boqueixón, a     de     de dous mil dezasete.

**REUNIDOS:**

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

Dunha parte, Don Manuel Fernández Munín, alcalde de Boqueixón

Doutra parte, Don Ignacio Codesido Barreiro, alcalde de Touro

Doutra parte, Don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra

En nome e representación dos referidos Concellos, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de julio, reguladora da administración de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:



## EXPOÑEN :

1.- Que o actual escenario financeiro e a situación de crise económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a busca de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando a Consellería de Traballo e Benestar, a través da súa convocatoria de subvencións do DOG nº 58 do xoves 23 de marzo de 2017 o agrupacionismo municipal para solicitar subvencións mediante a xestión de servizos compartidos de conformidade co Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 28 de febreiro de 2013, polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da comunidade autónoma, para primar proxectos de xestión compartida ou fusión municipal que representen un aforro de custos e unha xestión máis eficaz no desenvolvemento das accións de orientación laboral subvencionadas.

2.- Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3.- A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria colaboración entre distintas administracións locais de cara a un mellor aproveitamento dos recursos.

4.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten convocado unha Orde de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral reflectindo no seu artigo 2.1. que poderán ser beneficiarias da subvención “As entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local cuxa titularidade corresponda integramente a esta, sempre que por si soas ou asociadas entre concellos limítrofes teñan unha media de paro rexistrado no ano 2016 superior a 500 persoas, ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos)” (Orde do 8 de marzo de 2017).

5.-Tendo en conta que Boqueixón de forma illada como entidade non acada este número de desempregados (segundo fontes IGE: 217 parados no ano 2016), e que a Orde recolle a posibilidade de asociarse ou formar agrupación con outros Concellos.

6.- E en asociación o Concello de Boqueixón, o Concello de Touro e o Concello de Vedra (segundo fontes IGE: 219 parados Touro no ano 2016 e 286 parados Vedra no ano 2016) acadarían o número de parados suficientes para ser beneficiarios da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.

7.- En relación ca posibilidade de firmar o acordo de colaboración o artigo 47 da lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público dispón que os convenios

interadministrativos asinados entre dúas ou máis administracións públicas poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O artigo 48 da mesma lei, establece que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Así mesmo os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo os suscribintes ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

8.- Que co fin de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, os concellos deber cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria e en concreto o de asociarse para a prestación do servizo.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

### **CLÁUSULAS:**

**OBXECTO:** O presente convenio ten por obxecto a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral nos concellos de Boqueixón, Touro e Vedra, actuacións encamiñadas a mellora da empregabilidade e a cualificación das persoas desempregadas mediante a información, o diagnóstico individual, o asesoramento, a motivación e o acompañamento nos procesos de acceso e cambios laborais, a través dun modelo de orientación aberta que, baseándose no traballo en rede do persoal orientador, procura unha maior implicación, compromiso e protagonismo da persoa demandante de emprego.

Serán destinatarios destas accións todas as persoas de Boqueixón, Touro e Vedra demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, ben cando o soliciten expresamente ben cando lles sexa ofertado polo dito servizo.

A bolsa de paro que actualmente existe nos Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra (217 Boqueixón, 219 Touro e 286 Vedra no ano 2016) dá volume suficiente de posibles usuarios do sistema para xustificar a posta en marcha deste servizo.

**DESENVOLVEMENTO:** A viabilidade da mencionada actividade queda fundamentada na orde do 8 de marzo de 2017 que establece no artigo 2.2 os requisitos que deben reunir as entidades solicitantes.

**OBXECTIVOS PRINCIPAIS DA ACTUACIÓN :** A contratación de persoal técnico para a prestación asociada das actividades de orientación laboral, basease nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:

- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa
- Minorar custos individuais en favor dos colectivos
- Outros

**ÁMBITO DE APLICACIÓN:** O ámbito territorial da prestación asociada para a realización das actividades de orientación laboral é a totalidade dos termos municipais de Boqueixón, Touro e Vedra.

**XESTIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO:** O Concello de Boqueixón figurará e actuará en representación desta agrupación a efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes.

**VIXENCIA:** O presente convenio entrará en vigor no momento da concesión da correspondente subvención mediante resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria e permanecendo ata a duración da correspondente subvención.

**OBRIGAS DAS PARTES:**

- 1) O Concello de Boqueixón figurará e actuará en representación de ambos concellos a efectos de solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes, xa que conta con varios anos de experiencia na xestión do servizo que se solicita.

A responsabilidade da contratación e das relacións laborais que se produzan por efecto do presente convenio serán responsabilidade exclusiva do Concello de Boqueixón, sendo igualmente da súa responsabilidade a xustificación dos gastos e a imputación dos ingresos que se derivan do presente convenio, incluída a relativa á dación de contas antes os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas.

- 2) Ambos os tres concellos disporán dos seguintes medios para a prestación do servizo:

- Local con despacho ou despachos axeitados para a atención individual aos demandantes de emprego.
- Conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia, tal e como se recolle na Orde de convocatoria no artigo 2.2.c).
- Ordenador persoal con protocolo TCP/IP, tal e como se recolle na Orde de convocatoria no artigo 2.2.d).
- Acceso a internet e ao correo electrónico e aplicar medidas de seguranza de nivel medio no tratamento da información de carácter persoal, tal e como recolle a Orde de convocatoria no artigo 2.2.e).

- 3) A atención aos usuarios será de forma alterna, axustándose en todo momento ao direccionamento das citas de orientación que se fai dende o Servizo Público de Emprego de Galicia, en horario de mañá de 9:00 a 14:00h. nos tres centros.

- 4) A ubicación de ambas oficinas serán as seguintes:

- Concello de Boqueixón:  
Casa do Concello  
Oficinas da Planta baixa  
Forte s/n -15881 Boqueixón

- Concello de Touro:

Casa do Concello  
1º andar  
Fonte Díaz s/n  
15822 – Touro.

- Concello de Vedra:  
Casa do Concello (Planta Baixa)  
Av. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, 1  
15885 – Vedra

**EXTINCIÓN:** Será causa de extinción o incumprimento para calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no convenio, así como o acordo expreso de ambas partes. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes, facultará a outra para resolvelo.

**XURISDICCIÓN E NORMATIVA APLICABLE:** O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asínase por triplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba citado.

Don Manuel Fernández Munín  
Alcalde de Boqueixón

Don Ignacio Codesido Barreiro  
Alcalde de Touro

Don Carlos Martínez Carrillo  
Alcalde de Vedra

C. Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## 26. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde